



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIBRO, REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais, da Consellería de Cultura e Turismo,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A asistencia e participación nas feiras internacionais de Boloña, Bos Aires, Frankfurt e LIBER e a de Guadalajara (México), así como a organización de simposios, seminarios, xornadas e outras actividades relacionadas coa promoción e consolidación do sector do libro, como son o Simposio O Libro e a Lectura, as Xornadas de venda de dereitos, a Feira das Industrias Culturais de Galicia-Cultural, a Campaña de promoción e divulgación do libro e a Asistencia a reunións e eventos da FGEE, CEDRO e/ou gremios (Fórum Barcelona), da secretaria técnica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Galega de Editoras é a que ten entre os seus fins a consolidación do sector do sistema editorial galego, fomentando a competitividade das empresas do sector, a súa profesionalización, e a promoción e visibilización da produción propia.

Polo que a Asociación Galega de Editoras é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

